



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1708/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de XULLO de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Manga
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cinco minutos do día dez de xullo de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(524).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o

seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(525).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “SEN SENRA” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE “VIGO EN FESTAS 2024”. EXPTE. 10148/335.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 08/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/07/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 7 de maio de 2024, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo do artista “SEN SENRA” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024.

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 7 de maio de 2024.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para “Vigo en Festas 2024”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1708/1102

- O 25 de outubro de 2023 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos no verán 2024”, no marco do expediente 9960-335. O resultado desta primeira selección de propostas atópase recollido na acta do 31 de xaneiro de 2024.
- En data 12 de febreiro de 2024 publicouse unha segunda “Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos no verán 2024” no perfil de contratante do Concello de Vigo. A selección de artistas resultante tras a segunda convocatoria recolleuse na acta de 5 de abril de 2024.
- En data 26 de abril realizouse a selección de artistas definitiva. Entre as propostas seleccionadas consta a do artista SEN SENRA.
- Se acredita no expediente que ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. (B27719434), conta cos dereitos de exclusiva para a actuación artística de SEN SENRA no auditorio de Castrelos o día 25 de xullo de 2024.
- Consta acreditado no expediente que a mercantil SONIDO MUCHACHO SLU ostenta a condición de representante artístico de D. Christian Senra Bertolo (Sen Senra), (coñecido artisticamente como SEN SENRA) en exclusiva no territorio español, en documento de data 17 de xuño asinado polo artista (sinatura dixital) e por Dna. Paula Fraile de la Hoz (sinatura dixital), en nome e representación de SONIDO MUCHACHO SLU. A súa vez, consta acreditado que esta mercantil cedeu os dereitos a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. para o citado concerto en documento asinado pola sra. Fraile (sinatura dixital) en data 13 de febreiro de 2024.
- O poder de representación de Dna. Paula Fraile de la Hoz para actuar en nome e representación de SONIDO MUCHACHO SLU consta na escritura outorgada en data 27 de decembro de 2023, outorgada ante o notario D. Antonio Luis Reina Gutiérrez.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 30 de maio de 2024.
- Declaración de neutralidade do redactor do prego de prescricións técnicas, de data 16 de maio de 2024.
- Memoria económica de data 10 de maio de 2024, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á

- sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 16 de maio de 2024 (operación nº 12024000090518-RC-).
- Memoria xustificativa, de data 3 de xullo de 2024, relativa aos seguintes extremos:
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 3 de xullo de 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023 e 28/06/2023 vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1708/1102

Consta acreditado no expediente que a mercantil SONIDO MUCHACHO SLU ostenta a condición de representante artístico de D. Christian Senra Bertolo (Sen Senra), (coñecido artisticamente como SEN SENRA) en exclusiva no territorio español, en documento de data 17 de xuño asinado polo artista (sinatura dixital) e por Dna. Paula Fraile de la Hoz (sinatura dixital), en nome e representación de SONIDO MUCHACHO SLU. A súa vez, consta acreditado que esta mercantil cedeu os dereitos a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. para o citado concerto en documento asinado pola sra. Fraile (sinatura dixital) en data 13 de febreiro de 2024.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “SEN SENRA” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 30 de maio de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 3 de xullo de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 116.765,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 96.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(526).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “LUZ CASAL” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE “VIGO EN FESTAS 2024”. EXPTE. 10154/335.

Visto o informe de fiscalización do 09/07/2024 sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/07/2024, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Luz Casal" (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “LUZ CASAL” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 5 de xuño de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 2 de xullo de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 167.585,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 138.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 4 de xullo de 2024 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a YMAX PRODUCCIONES, S.L.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1708/1102

Terceiro.- O 5 de xullo de 2024 YMAX PRODUCCIONES, S.L., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O día 8 de xullo de 2024, reúnense a técnica de administración xeral do Servicio de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa administrativa do Servicio de Festas por delegación, de data 5 de xullo de 2024, da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación persoal. Cualificada a documentación administrativa, comprobouse que o licitador non achegaba a escritura de constitución da mercantil nin os estatutos onde figurara o obxecto social da mesma. En vista ao anterior, procedeu, ao abeiro do previsto na cláusula 17.3 ("*Se se observasen defectos ou omisións emendables na documentación que se inclúe no sobre A, o Servicio de Contratación comunicará esta circunstancia ao interesado por correo electrónico ou fax, concedéndolle un prazo non superior a tres días para que os corrixa ou emende.*"), outorgar un prazo de 3 días a YMAX PRODUCCIONES, S.L. para que emendase a referida documentación.

O 8 de xullo de 2024, ás 14:15 horas, reúnense, novamente, a técnica de administración xeral do Servicio de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, para a cualificación da documentación presentada no Sobre A e, se procede, a apertura do Sobre B.

Constátase que a licitadora, en data 8 de xullo de 2024, presentou a documentación solicitada polo unha vez comprobada que esta é correcta, conforme ao esixido na cláusula 13.8.A) do PCAP, enténdese emendada a documentación do sobre A e admítese neste procedemento a YMAX PRODUCCIONES, S.L.

A continuación, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 14.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación "*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*".

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP "*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*"

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi

presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, onde figura o cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, YMAX PRODUCCIONES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos ás actas do 8 de xullo de 2024 de apertura do sobre A e de emenda do sobre A e apertura do sobre B, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a YMAX PRODUCCIONES, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Luz Casal" por un prezo total de 167.585,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 29.085,00 euros”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1708/1102

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(527).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "AITANA" DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE "VIGO EN FESTAS 2024". EXPTE. 10160/335.

visto o informe de fiscalización do 09/07/2024 e informe-proposta de data 08/07/2024, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista "Aitana" (10156-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de xullo de 2024, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista "AITANA" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024".

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 25 de xuño de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 2 de xullo de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 786.500,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 650.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria

3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- O 4 de xullo de 2024 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.

Terceiro.- O 4 de xullo de 2024 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O día 5 de xullo de 2024, reuníronse a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, abriuse o “SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL”. Dado que o licitador, para os efectos de acreditar a súa solvencia técnica e profesional, presenta contratos de servizo de actuación artística realizados co Concello de Vigo nos últimos tres anos, (achéganse no expediente os certificados de boa execución do ano 2023) que no ano de máis importe (2023: 308.550,00 €) non cobren a totalidade da solvencia técnica (550.550,00 €), requírese ao licitador para que emende a documentación persoal no que atangue a estes extremos, ao abeiro do previsto na cláusula 14.3 (“Se se observasen defectos ou omisións emendables na documentación que se inclúe no sobre A, o Servizo de Contratación comunicará esta circunstancia ao interesado por correo electrónico ou fax, concedéndolle un prazo non superior a tres días para que os corrixa ou emende”).

O 8 de xullo de 2024, ás 14:45 horas, reúnen a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, para a cualificación da documentación presentada no Sobre A e, se procede, a apertura do Sobre B.

Constátase que a licitadora, en datas 6 e 8 de xullo de 2024, presentou a documentación solicitada polo unha vez comprobada que esta é correcta, conforme ao esixido na cláusula 13.8.A) do PCAP, enténdese emendada a documentación do sobre A e admítase neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. A continuación ábrese o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1708/1102

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación “*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*”.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP “*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*”

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, onde figura o cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 13 de xuño de 2024 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista “Aitana” (10160-335) por un prezo total de 786.500,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 136.500,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(528).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “UB 40” DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE “VIGO EN FESTAS 2024”. EXPTE. 10150/335.

Visto o informe de fiscalización do 10/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "UB40" (PCAP)

ANTECEDENTES



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1708/1102

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 5 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “UB40” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 20 de maio de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 4 de xullo de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 291.368,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 240.800,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 5 de xullo de 2024 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ORGANIZACIÓN IDEAS DE ÉXITO, S.L.

Terceiro.- O 8 de xullo de 2024 ORGANIZACIÓN IDEAS DE ÉXITO, S.L., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O día 9 de xullo de 2024, reúnense a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa administrativa do Servizo de Festas por delegación, de data 5 de xullo de 2024, da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación persoal e comprobouse que o licitador non acredita nin a solvencia económica nin a solvencia técnica. Asemade, no DEUC presentado non figuraban os datos do seu representante. En vista ao anterior, procedeuse, ao abeiro do previsto na cláusula 17.3 (*“Se se observasen defectos ou omisións emendables na documentación que se inclúe no Sobre A, o Servizo de Contratación comunicará esta circunstancia ao interesado por correo electrónico ou fax, concedéndolle un prazo non superior a tres días para que os corrixa ou emende.”*), a outorgar un prazo de 3 días a ORGANIZACIÓN IDEAS DE ÉXITO, S.L. para que emendara a devandita documentación.

O 10 de xullo de 2024, ás 13:10 horas, reúnense a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, para a cualificación da documentación presentada no Sobre A e, se procede, a apertura do Sobre B.

Constátase que a licitadora, en data 9 de xullo de 2024, presentou a documentación de emenda requirida polo unha vez comprobada que esta é correcta, conforme ao esixido na cláusula 13.8.A) do PCAP, enténdese emendada a documentación do sobre A e admítese neste procedemento a ORGANIZACIÓN IDEAS DE ÉXITO, S.L.

A continuación, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 14.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación "*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*".

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP "*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*"

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ORGANIZACIÓN IDEAS DE ÉXITO, S.L., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, e coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ORGANIZACIÓN IDEAS DE ÉXITO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1708/1102

de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos ás actas do 9 de xullo de 2024 de apertura do sobre A e de emenda do sobre A e apertura do sobre B, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ORGANIZACIÓN IDEAS DE ÉXITO, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "UB40" por un prezo total de 291.368,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 50.568,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(529).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS LISTAS DEFINITIVAS DE ADXUDICACIÓN, AGARDA E DENEGACIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA “VIGO EN INGLÉS EDICIÓNS 2024”. EXPTE. 89031/332.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/07/2024, asinado polo técnico do servizo de Educación, e conformado pola xefa do servizo de Educación, a concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 01 de abril de 2024, acordou aprobar as “Bases reguladoras e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2024) dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos”

Incorpóranse ao presente expediente as actas da Comisión de Valoración de datas 14 de xuño

e 05 de xullo de 2024, correspondentes por unha banda: á proposta de resolución provisional do proceso de baremación das listaxes de seleccionados/as, suplentes e excluídos das prazas para a participación no programa educativo municipal de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés Edicións 2024”; e por outra banda, á proposta de resolución das listaxes definitivas de alumnado de seleccionado, suplente e excluído das prazas para a participación no programa educativo municipal de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés Edicións 2024”.

Todo elo, consonte co recollido na base décimo primeira da citada convocatoria “concesión e resolución das prazas”, que indica que unha vez avaliadas as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan na convocatoria, o servizo municipal de educación, elevará unha proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria co seu nome e apelidos, catro números aleatorios do DNI anonimizado, puntuación obtida e resolución das prazas, indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada con indicación do motivo ou motivos polos que se denega.

O presente expte non supón aprobación ou autorización de gastos, polo que o acordo proxectado no mesmo non se atopa sometido á fiscalización previa.

Asemade, está previsto que con posterioridade á aprobación definitiva da concesión das prazas por parte da Xunta de Goberno Local, o Servizo Municipal de Educación comunique (publicación nota informativa xenérica na web institucional do programa, vía e-mail e vía SMS personalizados) con antelación suficiente a todos os beneficiarios/as o proceso concreto para a obrigatoria aceptación ou renuncia de praza e para efectuar o pagamento da achega familiar asignada naqueles casos que proceda.

Estas relacións de alumnado proposto realízanse en base aos parámetros de baremación determinados nas bases da convocatoria aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 01 de abril de 2024 e determinan asimesmo a puntuación final obtida que condiciona a inclusión dos solicitantes nas listas de adxudicación, agarda e denegación.

Cos criterios de valoración anteriormente mencionados, e tendo en conta a información que obra nos expedientes dos solicitantes, despréndese que os adxudicatarios/as propostos cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás prazas; polo que elabórase proposta de adxudicación e resolución das prazas, e sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe definitiva de alumnos/as beneficiarios/as de praza no programa municipal de inmersión en lingua inglesa “VIGO EN INGLÉS EDICIÓN 2024”, do alumnado solicitante que aparece ordeado alfabeticamente no ANEXO I .



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1708/1102

SEGUNDO.- Aprobar a inclusión na lista definitiva de agarda do alumnado solicitante que se relaciona no ANEXO II e que aparece ordeado por puntuación final obtida e por menor renda per cápita, que pasará a ter a consideración de adxudicatario/a da praza na medida en que se produzan baixas ou renuncias entre os adxudicatarios/as do programa educativo municipal de inmersión en lingua inglesa “VIGO EN INGLÉS EDICIÓN 2024”.

TERCEIRO.- Aprobar a denegación das prazas solicitadas polo alumnado que se relaciona na lista definitiva de excluídos/as recollido no ANEXO III, que aparece ordenado alfabeticamente e indicando as causas de exclusión que motivan o non cumprimento dos requisitos da convocatoria “VIGO EN INGLÉS EDICIÓN 2024”.

CUARTO.- Dispoñer a publicación da relación de alumnado adxudicatario, incluído na lista de agarda e excluído do programa municipal “VIGO EN INGLÉS EDICIÓN 2024” (Anexos I, II e III) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, na web institucional do programa “Vigo en Inglés”, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos dispostos no artigo 45.1.b) da LPACAP.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á publicación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez